

CENTRO ESCOLAR	ACCIÓN	TÍTULO PROXECTO	Nº PROF.	Nº ALUMN.	DESTINO	DATA INICIO	DATA FIN	CANT. SOLIC.	CANT. CONCED.
IES SOFIA CASANOVA	V.P	BOS AIRES ARXENTINA	1	0	ARXENTINA	27-5-2006	3-6-2006	1.350	1.190,97
IES SOFIA CASANOVA	E.A	BOS AIRES ARXENTINA	0	1	ARXENTINA	1-11-2006	30-11-2006	1.750	1.543,85
IES EUSEBIO DA GUARDA	E.A	TURISMO Y PATRIMONIO CULTURAL	0	6	MALTA	16-10-2006	26-11-2006	9.450	8.336,80
IES EUSEBIO DA GUARDA	E.A	TURISMO Y PATRIMONIO CULTURAL	0	6	HUNGRIA	16-10-2006	26-11-2006	10.350	9.130,78

ANEXO II

AXUDAS DENEGADAS

CENTRO ESCOLAR	ACCIÓN	TÍTULO PROXECTO	Nº PROF.	Nº ALUMN.	DESTINO	DATA INICIO	DATA FIN	MOTIVO DENEGACIÓN
IES VILAMARIN	E.P	ESTADÍA EN EMPRESAS	1	0	FRANCIA			RENUNCIA
IES PORTA DA AGUA	E.A	ITALCAR	0	2	ITALIA	1-6-2006	29-6-2006	RENUNCIA
IES PORTA DA AUGA	V.P	ITALFORMAZIONE	1	0	ITALIA	1-4-2006	4-6-2006	RENUNCIA
COLEXIO MENDIÑO	E.A	ESTADÍAS DE ALUMNOS NO ESTRANXEIRO	0	15	HOLANDA	17-6-2006	30-6-2006	RENUNCIA
IES DE MELIDE	E.A	1 SILLA EN MELIDE NON É IGUAL A 1 SILLA EN KRAMFORS	0	2	SUECIA	1-10-2006	30-11-2006	TEN CONCEDIDO UN LEONARDO

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Orde do 15 de xuño de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2006 subvencións a asociacións e entidades de carácter sectorial sen ánimo de lucro, en réxime de concorrencia competitiva, para o impulso de actuacións de sensibilización e difusión en materia de responsabilidade social corporativa e de apoio ás accións de responsabilidade social na promoción da igualdade no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A importancia actual de definir e implantar modelos de xestión innovadores acordes coas necesidades que teñen as organizacións e as empresas galegas fan necesaria a promoción e o desenvolvemento de plans de mellora empresarial a través da utilización de instrumentos para a xestión integral, a ética e o fomento da responsabilidade social corporativa.

É responsabilidade dos poderes públicos galegos sensibilizar as empresas e organizacións empresariais sobre os beneficios que achega a implantación de novos modelos de xestión encamiñados a facer evolucionar as empresas e organizacións cara a mellora continua, con actuacións en materia de cooperación, promoción industrial, sensibilización e divulgación, igualdade de oportunidades de mulleres e homes e conciliación entre a vida familiar e laboral das mulleres e dos homes nas empresas.

Con esta finalidade, a Consellería da Innovación e Industria a través da súa Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, en colaboración coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, acorda realizar unha convocatoria de axudas a a asociacións e entidades de carácter sectorial sen ánimo de lucro, para o impulso de actuacións de sensibilización e difusión de responsabilidade social corporativa, apoiando deste xeito as iniciativas

que pretendan fomentar un comportamento socialmente responsable na promoción da igualdade.

Por todo isto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Na presente orde establécense as bases reguladoras e convócanse para o ano 2006 subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar a realización de actuacións no ámbito da responsabilidade social corporativa co fin de sensibilizar sobre a cultura de xestión ética e socialmente responsable.

Artigo 2º.-Aplicación orzamentaria.

Para a concesión das axudas propias das actuacións que se convocan para o exercicio de 2006, que terán a modalidade de subvención, destinarase o crédito correspondente á aplicación orzamentaria seguinte:

Aplicación	Denominación	Ano 2006 (euros)
10.04-712-B-782.0	Sensibilización en excelencia e cooperación empresarial	300.000
	Total:	300.000

Esta cantidade poderá ser incrementada en función das solicitudes presentadas e de acordo coas disponibilidades de crédito.

Artigo 3º.-Beneficiarios/as.

Poderán ser beneficiarias as asociacións e entidades de carácter sectorial representativas dos intereses empresariais legalmente constituídas e sen ánimo de lucro, que realicen as actuacións subvencionables que se relacionan nas epígrafes A), B) e C) do artigo 4º desta orde, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

As asociacións ou entidades beneficiarias deberán reunir os requisitos que fundamentan a concesión así como os demais que se prevexan nesta orde. Non poderán obter a condición de beneficiaria aquelas nas cales conorra algunha das circunstancias

previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. A acreditación de non estar incursas nas ditas prohibicións realizarase mediante declaración responsable da asociación ou entidade interesada.

Artigo 4º.-Actuacións subvencionables.

As actuacións subvencionables obxecto da presente orde estrutúranse en tres liñas de actuación:

A) Actuacións de difusión e sensibilización en materia de responsabilidade social corporativa (RSC) ao fomento da cultura da xestión ética e socialmente responsable incluíndo actuacións dirixidas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

As axudas destinaranse a cubrir:

1. Os gastos derivados da organización de congresos, xornadas, seminarios, cumios, foros e convencións.

2. Os gastos derivados da elaboración de materiais de divulgación tanto físicos como on-line: estudos, enquisas, guías, memorias, páxinas web e boletíns electrónicos.

B) Actuacións de desenvolvemento de proxectos de cooperación en materia de responsabilidade social corporativa (RSC).

As axudas destinaranse a cubrir:

Os gastos de asesoramento e consultoría de apoio para a elaboración de proxectos de cooperación de fomento de responsabilidade social corporativa (RSC).

C) Actuacións de desenvolvemento de ferramentas para a xestión da responsabilidade social corporativa (RSC).

As axudas destinaranse a cubrir:

Os gastos derivados do establecemento dun sistema informatizado de avaliación e mellora continua no campo da RSC: cuestionario de autoavaliación, identificación de valores e identidade da empresa, redacción de códigos éticos, modelo de cadros de mando integral, sistema de indicadores de avaliación e seguimento en RSC e guías para redactar memorias de sustentabilidade.

Artigo 5º.-Gastos subvencionables.

Terán a consideración de subvencionables aqueles investimentos que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade presentada na solicitude, e se realicen no prazo establecido no artigo 7º desta orde.

Non terán carácter subvencionable:

1. Os gastos correntes de persoal nin calquera outro derivado da actividade habitual da asociación ou entidade solicitante.

2. Os gastos relativos aos regalos promocionais, ás celebracións de cócteles e actos análogos.

O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderás considerarse gasto subvencionable cando a asociación ou entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acoillida ao réxime de exención de IVE.

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado dentro do prazo de finalización do período de xustificación.

Os gastos inherentes a cada actuación deberán ter unhas contías que estean acordes aos valores do mercado.

Segundo o artigo 31 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 12.000 euros no suposto de prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, a asociación ou entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores/as, con carácter previo á presentación da solicitude de subvención, agás que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberá achegarse xunto coa memoria de solicitude, realizarase conforme os criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Artigo 6º.-Subcontratación das actividades subvencionadas polas asociacións ou entidades beneficiarias.

A subcontratación de actividades realizarase de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, podendo acadar o custo total da actividade proposta.

Artigo 7º.-Ámbito temporal.

Poderán acollerse á presente orde as actuacións que se describen no artigo 4º desta orde, sempre que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2006 e a data de xustificación dos investimentos establecida no artigo 18º desta orde.

Artigo 8º.-Criterios de avaliación.

Os criterios de avaliación relacionados por orde decrecente de importancia serán os seguintes:

1. Ámbito de repercusión territorial e social das actuacións.

2. Ferramentas de seguimento e avaliación de resultados previstas.

3. Os elementos innovadores do proxecto presentado en relación co obxectivo para acadar a igualdade de oportunidades de mulleres e homes.

4. Grao de adecuación das actuacións aos obxectivos da convocatoria (coherencia, definición, metodoloxía, ...).

5. Repercusión do proxecto en actuacións futuras.

6. Certificación que acredite a existencia de sistemas de calidade, excelencia ou ambientais.

A comisión de avaliación, á vista das solicitudes presentadas, poderá considerar como non subvencionables ou limitar a porcentaxe da subvención naqueles conceptos que non se consideren directamente ligados ao desenvolvemento da actuación obxecto da axuda.

Artigo 9º.-Contía das axudas.

As axudas poderán acadar con carácter xeral unha contía máxima do 70% do investimento subvencionable para cada proxecto.

Asígnase o crédito de 100.000 € para as actuacións de cada epígrafe tendo en conta que, cando non se esgote este por carencia de proxectos adecuados ao obxecto, o remanente poderase acumular ás contías das restantes epígrafes.

Artigo 10º.-Obtención dos formularios normalizados de solicitude.

Os formularios de solicitude de axuda regulados nesta orde cubriranse e obteranse necesariamente polo solicitante a través da aplicación informática Internet expres (procedemento IN531A) establecida na Oficina virtual desta consellería sita no enderezo da internet <http://www.xunta.es/conselle/in/> da Xunta de Galicia.

Para cubrir correctamente os formularios de solicitude, no citado enderezo da internet disporase de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polas asociacións ou entidades solicitantes.

Poderanse cubrir e obter os formularios ata as 24 horas do día anterior á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, poderán dirixirse á Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, a través do teléfono 981 54 55 53 ou 981 54 55 55, do número de fax 981 54 47 06 ou do enderezo de correo electrónico axudas2006.dxpisi@xunta.es, que adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación por escrito de solicitudes.

Artigo 11º.-Documentación.

As asociacións ou entidades solicitantes deberán presentar orixinal ou copia compulsada da seguinte documentación:

1) Documentación técnica:

1.1) Formularios normalizados de solicitude (composto polos anexos I e II) obtidos a través da aplicación informática sinalada no artigo anterior debidamente asinados pola/as persoa/as que teñan a representación legal da entidade.

Estes formularios presentaranse sen engadir novos datos e sen realizar emendas nin riscaduras no seu formato orixinal, o que será causa de inadmisión a trámite.

1.2) Informe da entidade solicitante na que se reflecta o obxecto social, data de constitución, número de asociados/as e empregados/as, certificacións de calidade que posúe e obxectivos perseguidos co proxecto.

1.3) Memoria explicativa, na que se consignarán todos os elementos que serán obxecto de valoración competitiva conforme o artigo 8º, incluíndose un orzamento desagregado e detallado ao máximo dos diferentes gastos necesarios para a correcta execu-

ción do proxecto presentado, ademais a data de finalización do proxecto.

1.4) Orzamentos e ofertas desagregadas de cada un dos/das provedores/as que deberán cumprir co disposto no último parágrafo do artigo 5º desta orde. Estes orzamentos presentaranse na mesma orde que a utilizada na relación presentada na memoria.

2) Documentación xurídico-administrativa que deberá estar en vigor:

2.1) Escritura pública de constitución e estatutos debidamente inscritos no rexistro correspondente, debendo quedar acreditada, se é o caso, a súa condición de entidade sen ánimo de lucro.

2.2) CIF da entidade solicitante.

2.3) Documento público acreditativo do poder suficiente para actuar ante a Administración pública da/s persoa/s física/s que actúe/n en nome e representación dunha persoa xurídica.

2.4) Fotocopia do DNI/NIE da/as persoa/as representante/s.

2.5) No caso de estar exenta do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.

De acordo co disposto no artigo 35 f) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, non será necesario presentar a documentación xurídico administrativa que xa se atope en poder desta consellería, sempre que se manteña vixente e se identifique nos formularios de solicitude o procedemento administrativo para o que foi presentada; esta identificación leva consigo a autorización para que o órgano xestor teña acceso a esta documentación.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación das bases desta convocatoria. Así mesmo, comporta a autorización ao órgano xestor, para comprobar de oficio o cumprimento das obrigas tributarias e sociais coa AEAT, Consellería de Economía e Facenda e Seguridade Social, de acordo co establecido no artigo 43 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, sobre protección de datos de carácter persoal, a Consellería de Innovación e Industria garante a confidencialidade dos datos recollidos na documentación considerada para as solicitudes de axuda.

Artigo 12º.-Presentación de solicitudes e documentación.

O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

Para formalizar a solicitude, logo de obter e cubrir os formularios de acordo co artigo 10º desta orde, o/a interesado/a presentará a documentación sinalada no artigo anterior (orixinal ou copia compul-

sada), dirixida ao conselleiro de Innovación e Industria, no rexistro xeral dos servizos centrais da Consellería de Innovación e Industria, no das delegacións provinciais da Consellería de Innovación e Industria, ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 13º.-Emenda de solicitudes.

Se a documentación presentada fose incompleta ou presentase erros emendables, requirirase a asociación ou entidade solicitante para que, no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con advertencia de que, se non o fixese, teráselle por desistido da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e cos efectos previstos no artigo 42.1º da citada lei.

Artigo 14º.-Instrución e selección de solicitudes.

Correspóndelle á Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información a instrución do procedemento de concesión de subvencións, e desenvolverá de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

Con obxecto de cumprir o principio de concorrencia competitiva as solicitudes serán examinadas por unha comisión de valoración que estará constituída polos seguintes membros:

-Presidenta: a subdirectora xeral da Subdirección xeral de Promoción Industrial e Comercio Exterio.

-Dous/dúas vogais: dous/dúas xefes/as de servizo, un/unha pertencente a Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información e outro/a pertencente á Secretaría Xeral da Igualdade.

-Secretario/a: un funcionario/a, pertencente á Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información.

Os/as suplentes serán designados/as polas direccións xerais correspondentes.

Esta comisión, tendo en conta os criterios de avaliación recollidos no artigo 8º, formulará a proposta de resolución no que se concreta o resultado da avaliación efectuada.

A Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información elevará a proposta de resolución ao conselleiro de Innovación e Industria que actúa como órgano concedente.

Artigo 15º.-Resolución.

Á vista da proposta de resolución, o conselleiro de Innovación e Industria ditará a resolución que proceda, motivada, con indicación do obxecto e importe do proxecto subvencionado, a porcentaxe de axuda concedida e a contía desta. A dita resolución poderá establecer condicións técnicas e económicas de obrigada observancia para a realización do proxecto.

O prazo máximo para resolver e notificar aos interesados a resolución expresa será de tres meses a partir do día seguinte ao que finalice o prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do citado prazo, sen que se notifique a resolución expresa, lexitima o/a interesado/a para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

As resolucións de concesión serán publicadas no *Diario Oficial de Galicia* con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención.

Artigo 16º.-Modificación da resolución.

Segundo o artigo 12 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axuda e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia:

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Cando por circunstancias técnicas se varíe o contido específico dos investimentos ou actuacións recollidas no proxecto inicial e as ditas variacións incidan no investimento subvencionable, o órgano competente para a concesión da axuda poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario/a, debendo cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade da presente orde.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros/as.

c) Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda ou subvención.

Por outra banda, a asociación ou entidade beneficiaria deberá solicitar a modificación con tempo suficiente para a súa avaliación antes do desenvolvemento do proxecto.

A conformidade expresa da Consellería de Innovación e Industria ás mencionadas modificacións requirirá informe favorable da Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información.

Artigo 17º.-Obrigas das asociacións ou entidades beneficiarias.

As asociacións ou entidades beneficiarias das axudas quedan obrigadas a:

a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamente a concesión da subvención.

b) Acreditar, ante a entidade concedente, a realización da actividade ou a adopción do comportamento que fundamente a axuda así como dos requisitos ou condicións que determinen a concesión da

axuda, no prazo sinalado na convocatoria ou excepcionalmente o que se sinale na resolución cando esta sexa consecuencia da estimación dun recurso potestativo de reposición.

c) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, así como antes das correspondentes propostas de pagamento, que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma. No caso, que as actuacións de oficio levadas a cabo polo órgano instructor, consonte coa Lei 7/2005, do 29 de decembro, dese como resultado que o solicitante ou o/a beneficiario/a ten débedas ou obrigas con algunha destas administracións requirírase a asociación ou entidade solicitante ou beneficiaria que regularice a situación e presente por si mesmo o correspondente certificado.

d) Someterase ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que corresponde á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa axuda concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e, se é o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europea.

e) Comunicarlle á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á asociación ou entidade beneficiaria en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) A entidade beneficiaria comprométese a dar publicidade do cofinanciamento por parte da Consellería de Innovación e Industria-Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información e da colaboración da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar-Secretaría Xeral da Igualdade en todos os eventos, no material promocional ao que dean lugar estes, e cada un dos informes e manuais xerados.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos recollidos no punto 10 do artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 18º.-Xustificación das actuacións.

A asociación ou entidade beneficiaria terá que xustificar as actuacións subvencionadas antes do 30 de novembro de 2006.

Para o libramento da subvención, a asociación ou entidade beneficiaria deberá presentar nos servizos centrais da Consellería de Innovación e Industria a documentación xustificativa da realización do investimento que fose obxecto de subvención. Poderase tamén presentar a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Esta documentación xustificativa constará dos seguintes documentos, que poderán ser orixinais ou copia compulsada:

a) Solicitude de libramento da subvención (modelo dispoñible no enderezo da internet <http://www.xunta.es/conselle/in/index.htm> no punto Impresos).

b) Memoria na que se constate a realización da actividade realizada.

c) Copia en formato electrónico dos relatorios ou contidos da actuación realizada.

d) Xustificante dos investimentos: facturas dos provedores/as en relación cos gastos subvencionables, emitidas dentro do período comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite de xustificación do proxecto.

e) Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite da xustificación do proxecto. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

f) Declaración de axudas obtidas e solicitadas para o mesmo investimento en calquera outras administracións, organismos ou entes públicos ou privados (modelo dispoñible no enderezo da internet sinalado no punto a) deste artigo).

g) Certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento na que conste a razón social e o CIF da entidade subvencionada así como o ordinal bancario, código de banco, código de sucursal e código de conta corrente.

h) Calquera outro documento que se requira durante a tramitación do expediente para a verificación do proxecto.

i) Documentación que acredite a publicidade do cofinanciamento da Xunta de Galicia segundo o sinalado no artigo 17 desta orde.

Artigo 19º.-Pagamento das axudas.

A percepción da axuda terá lugar unha vez que os servizos técnicos da Consellería de Innovación e Industria verifiquen a documentación xustificativa e, se é o caso, a materialización do cumprimento da realización do proxecto subvencionado e dos requisitos e condicións establecidos para a súa concesión.

Procederáse á minoración da subvención concedida cando o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto.

Artigo 20º.-Incompatibilidades. Concorrenza de axudas públicas.

As axudas previstas nesta orde serán incompatibles con calquera outra das reguladas por esta consellería para a mesma finalidade.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o 75 % do custo da actividade que vai desenvolver a asociación ou entidade beneficiaria ou a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que legalmente se estableza.

Artigo 21º.-Reintegro da axuda.

Non se poderá exixir o pagamento da axuda concedida e procederá o reintegro total ou parcial da contía percibida xunto cos xuros de demora percibidos desde o seu pagamento nos supostos recollidos no punto 10 do artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Así mesmo, procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos nos que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver a asociación ou entidade beneficiaria ou, de ser o caso, a porcentaxe máxima de investimento subvencionable que se estableza.

O procedemento de reintegro se tramitará de acordo co establecido no artigo 20 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

As cantidades que as asociacións ou entidades beneficiarias deban reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público e será de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 ao 23 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 22º.-Fiscalización e control.

A concesión das axudas reguladas nesta orde estará sometida ao exercicio da función interventora e do control financeiro por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos establecidos no capítulo V do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, se é o caso, aos dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

As asociacións ou entidades beneficiarias e os/as terceiros/as relacionados co obxecto da subvención

ou a xustificación estarán na obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lles sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria teñan atribuídas funcións de control financeiro, que para este fin terán as facultades que lle outorga o punto 11º do artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 23º.-Réxime sancionador.

As infraccións administrativas cometidas en relación coas axudas e subvencións reguladas nesta orde sancionaranse de conformidade co disposto no artigo 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e no capítulo VII do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Artigo 24º.-Réxime de recursos.

As resolucións, expresas ou presuntas, dos expedientes tramitados ao abeiro do disposto nesta orde esgotarán a vía administrativa e contra elas caberá:

a) Recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou ou debeu ditalas no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou tres meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

b) Ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

E todo isto sen prexuízo de que os/as interesados/as poidan exercer, se é o caso, calquera outro que consideren procedente.

Artigo 25º.-Normativa aplicable.

En todo o non recollido na presente orde aplicarase o disposto para esta materia no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e demais normativa que resulte de aplicación.

Disposición derradeira

Única.-Facúltase a directora xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información para que dite as disposicións necesarias para a aplicación do establecido na presente orde.

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación na *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2006.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria

ANEXO I (Folla 2)



BREVE DESCRIPCIÓN DO PROXECTO (Breve resumo da memoria explicativa)

EXEMPLAR non válido para a súa presentación

ACTUACIÓN SUBVENCIONADA

DESCRIPCIÓN	PROVEEDOR/MARCA	ANO	IMPORTE (€) SENSITIVE
INVESTIMENTOS (€):			2006:
			TOTAL

ANEXO I (Folla 1)



PROCEDIMENTO: **CÓDIGO DO PROCEDIMENTO** DOCUMENTO: **SOLICITUDE**
INS31/A

Axudas a asociacións e entidades de carácter sectorial sen ánimo de lucro, en réxime de concorrencia competitiva, para o impulso de actuacións de sensibilización e difusión en materia de responsabilidade social corporativa e de apoio ás accións de responsabilidade social na promoción da igualdade.

DATOS DO SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA: _____ ACRÓNIMO: _____

CIF/NIF: _____ ENDOBREZO: _____

CÓDIGO POSTAL: _____ PROVINCIA: _____ CONCELO: _____

TELÉFONO 1: _____ FAX: _____ CORREO ELECTRÓNICO: _____

E, na súa representación legal:

APELLIDO 1: _____ NOME: _____ DNI: _____

APELLIDO 2: _____ NOME: _____ DNI: _____

Para o caso de representación mancomunada, datos do 2º representante

APELLIDO 1: _____ NOME: _____ DNI: _____

APELLIDO 2: _____ NOME: _____ DNI: _____

DATOS DO INVESTIMENTO E COMPTA SOLICITADA

TIPO DE ACTUACIÓN: _____ TÍTULO DO PROXECTO: _____

INVESTIMENTO TOTAL QUE SE VAI REALIZAR: _____ INVESTIMENTO ANO 2006: _____

PROCENTAXE SOLICITADA (máx. 70%): _____ SUBVENCIÓN TOTAL SOLICITADA: _____

ENDOBREZO: _____ SUBVENCIÓN ANO 2006: _____

CÓDIGO POSTAL: _____ PROVINCIA: _____ CONCELO: _____

DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA O SOLICITANTE OU IDENTIFICA EN PODER DA CONSELLERÍA

FORMULARIOS DA SOLICITUDE COMPOSTOS POR ANEXOS I (800) E ANEXO II (1.000), SEGUNDO O ARTIGO 11.1.1)

MEMORIA DA ENTIDADE SOLICITANTE, SEGUNDO O ARTIGO 11.1.2)

MEMORIA EXPLICATIVA DA SOLICITUDE, SEGUNDO O ARTIGO 11.3)

ORGANIGRAMAS E OFERTAS DE PROVEEDORES, SEGUNDO O ARTIGO 11.4)

ESCRITURA PÚBLICA DE CONSTITUCIÓN E ESTADUTOS, SEGUNDO O ARTIGO 11.5.1)

COPIA DO C.F.E. SEGUNDO O ARTIGO 11.5.2)

DOCUMENTO PÚBLICO DO PODER CO (ACTUARIOS) SOLICITANTES), SEGUNDO O ARTIGO 11.5.3)

FOTOCOPIAS(DOS) DNI, SEGUNDO O ARTIGO 11.5.4)

DE SER O CASO, DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA EXERCIÓN DO DIVE, SEGUNDO O ARTIGO 11.5.5)

LENSACIÓN APLICABLE

Orde do 15 de xuño de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras e características para o ano 2006 subvencións a asociacións e entidades de carácter sectorial sen ánimo de lucro, en réxime de concorrencia competitiva para o impulso de actuacións de sensibilización e difusión de responsabilidade social corporativa e de apoio ás accións de responsabilidade social na promoción da igualdade no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSONAS QUE O REPRESENTAN, E SELLO DA EMPRESA

_____ de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

NÚMERO DE EXPEDIENTE: _____ / _____

DATA DE ENTRADA: _____ / _____ / _____

DATA DE EFECTOS: _____ / _____ / _____

DATA DE SALIDA: _____ / _____ / _____

REVISADO E CONFORME

ANEXO II (Folla 1)

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información



DECLARACIÓN EXPRESA DO SOLICITANTE

Don/Dona _____ con DNI nº _____
 Don/Dona _____ con DNI nº _____
 En representación da entidade _____

DECLARA EXPRESAMENTE:

1) Que solicito e/ou ten concedidas as axudas que se relacionan a seguir:

AXUDAS CONCEDIDAS			
ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	TIPO
AXUDAS SOLICITADAS			
ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	TIPO
Consellería de Innovación e Industria	2006		Subv

Así mesmo, comprométese a comunicar cantos subvencións se obtiver ou obtivera para a mesma actuación das administracións públicas ou doutras entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da súa declaración, segundo o artigo 15.4 do Decreto 287/2006, do 21 de novembro.

2) Que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos puntos 2 e 3 do artigo 13º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. Non poderá obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas nesta lei as persoas ou entidades en que concorra algunha das circunstancias seguintes, salvo pola natureza da subvención se excepta pola súa normativa reguladora:

a) Ter sido condenada mediante sentenza firme ó pago de multas derivadas da imposibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Ter solicitado a declaración de concurso, ter sido declarado insolvente en calquera procedemento, encontrarse declarado en concurso, estar suxeitos a intervención judicial ou ter sido inhabilitado conforme á Lei concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Ter dado lugar, por causa da que fosen declarados culpables, a resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que teñan a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 12/1995, do 11 de maio, de incompatibilidades dos membros do Goberno da Nación e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 3/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nesta ou na normativa autonómica que regule estas materias.

e) Non estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non estar ao corrente de pagamento de ningún dos impostos de sucesións, doha ou de donacións que regulamentariamente se determinen.

4. Non poderá obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas nesta lei as persoas ou entidades en que concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera das seguintes condicións previstas no segundo parágrafo do punto 3 do artigo 11 desta lei cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera das seguintes condicións previstas nos puntos 3 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 27 de marzo, reguladora do dereito de asociación. Tampouco poderá obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as asociacións que concorra algunha das prohibicións previstas no artigo 30.4º da Lei orgánica 1/2002, mentres non recorra a resolución judicial firme en virtude da cal se poida practicar a inscrición no correspondente rexistro.

E, para que así conste ante a Consellería de Innovación e Industria, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicado.

_____ de _____ de _____ de _____
 (sinatura)

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 23 de xuño de 2006 pola que se fixa a data de entrada en funcionamento efectivo dos postos de traballo adscritos á clase de farmacéuticos inspectores de saúde pública, creada polo Decreto 202/2005, do 7 de xullo, do seu réxime xurídico, retributivo e de incompatibilidades, e se adscribe aos ditos postos o persoal pertencente á clase de farmacéuticos titulares que exerceu o dereito de opción a integrarse na dita clase.

Polo Decreto 202/2005, do 7 de xullo, publicado no DOG nº 141, do 22 de xullo, créase a clase de farmacéuticos inspectores de saúde pública, dentro do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, escala de saúde pública e Administración sanitaria, delimitáanse as súas funcións, o ámbito territorial de actuación, determínase o seu réxime xurídico, retributivo e de incompatibilidades e fíxanse as bases para a reestruturación dos actuais postos de traballo de farmacéuticos titulares.

As disposicións transitorias segunda e terceira do devandito decreto fixan o prazo para exercer o dereito de opción de integración na nova clase de farmacéuticos inspectores de saúde pública do actual persoal pertencente á clase de farmacéuticos titulares.

Rematado o dito prazo confeccionouse a relación de postos de traballo dos servizos de Inspección Far-

macéutica de Saúde Pública, de acordo co disposto na disposición transitoria cuarta, relación que foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia na súa xuntanza do día 15 de xuño de 2006 e publicada por Resolución do 16 de xuño de 2006, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG nº 120, do 23 de xuño).

Tendo en conta o disposto na disposición transitoria quinta do citado decreto, é preciso que esta consellería fixe a data de entrada en funcionamento efectivo dos postos de traballo resultantes da reestruturación dos actuais postos de traballo de farmacéuticos titulares, e tamén proceder tanto á adscrición provisional dos funcionarios de carreira que optaron por integrarse na clase de farmacéuticos inspectores de saúde pública, como ao nomeamento de persoal interino da clase de farmacéuticos inspectores de saúde pública, do persoal interino que ten elixido incorporarse aos postos de traballo resultantes da reestruturación, e que pertencía á clase de farmacéuticos titulares, con nomeamento anterior á data do 27 de outubro de 1989, data de entrada en vigor da Lei 17/1989, do 23 de outubro.

Por todo isto, esta consellería, en uso das súas facultades,

DISPÓN:

Artigo 1º.-Data da entrada en funcionamento efectivo dos postos de traballo dos servizos de Inspección Farmacéutica de Saúde Pública.